



EI-A12X01391

Asunto: **Calendario Laboral para o ano 2019**
Código (prégase mencionar na resposta): **CL19-16**
Ref: **PFL/IIr**

A/A Alcaldía do concello de Chantada
concello@concellodechantada.org

Co obxecto de elaborar o **calendario laboral para o ano 2019** para a provincia de Lugo, comunícase que de acordo coa normativa vixente, e en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo, ese Concello deberá notificar a esta Xefatura Territorial de Emprego, Economía e Industria **os dous días que se fixan como festas locais no seu concello**, así como a denominación da festividade que se celebra (por exemplo, 5 de marzo, martes de Entroido).

A data límite para esta notificación é o **11 de novembro de 2018**, e de non ter entrada nese prazo a súa comunicación **entenderase que optan polas fixadas para o ano anterior**. Non se admitirán correccións pasados 15 días naturais dende a publicación da resolución pola que se determinan as festas locais.

As festas **non deben coincidir en domingo nin en ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou de ámbito estatal**, e que son os que seguen:

1 de xaneiro	Ano novo (Estatal)
19 de marzo	<i>Día de San Xosé (Autonómico)</i>
18 de abril	Xoves Santo (Estatal)
19 de abril	Venres Santo (Estatal)
1 de maio	Festa do Traballo (Estatal)
17 de maio	<i>Día das Letras Galegas (Autonómico)</i>
25 de xullo	<i>Día Nacional de Galicia (Autonómico)</i>
15 de agosto	A Asunción da Virxe (Estatal)
12 de outubro	Festa Nacional de España (Estatal)
1 de novembro	Todos os Santos (Estatal)
6 de decembro	Día da Constitución (Estatal)
25 de decembro	Nadal (Estatal)

- As datas de festivos locais teñen que ser aprobadas polo órgano competente.
- Recomendamos **prestar especial atención** ao sinalar como festivos locais días de data variable, coma o Entroido, o Corpus ou datas vinculadas coa Semana Santa.
- É importante sinalar no escrito de comunicación, un teléfono, enderezo electrónico e persoa responsable de contacto para este asunto polas dúbidas que puideran xurdir.
- Para calquera dúbida ou aclaración poderán contactar con esta Xefatura no teléfono 982 294 331 ou no enderezo electrónico emprego.lugo@xunta.gal

Lugo
A xefa territorial
Pilar Fernández López
Documento asinado electronicamente

